



Resolución do Departamento Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, da confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira

Antecedentes

1. O 27.12.2022 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a última actualización da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (en diante plan de xestión).

2. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/22-1), estableceuse un número máximo de 13 embarcacións (6 de Fisterra, 3 de Corcubión e 4 de Lira) con 41 persoas tripulantes habilitadas con dereito a cota (19 de Fisterra, 10 de Corcubión e 12 de Lira) para todo o trienio 2025-2027.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade na entidade para o trienio 2025-2027, o número de embarcacións con ourizo no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 13 embarcacións (6 de Fisterra, 3 de Corcubión e 4 de Lira) e 41 habilitacións (19 de Fisterra, 10 de Corcubión e 12 de Lira), polo que non hai pazas vacantes nese momento.

3. Durante este período tramitaron expedientes de transmisión dos permisos de explotación tres das embarcacións da lista: JAVI (CFPO 56707), SEGUNDO BRISA (CFPO 58785) e NUEVA GIRALDA (CFPO 58279), pero só as dúas últimas presentaron solicitudes para a actualización dos méritos a nome da nova persoa armadora (con data 30.03.2023 e 22.01.2024 respectivamente).

4. A embarcación OUTEIRO (CFPO 24096) foi aportada como baixa para a nova construción O BARCO (CFPO 100549), á que se trasladou o permiso de explotación sen cambio de persoa armadora.

5. O 10.03.2025 esta dirección territorial dita resolución pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de





xestión do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, coa puntuación provisional outorgada as embarcacións no Anexo I desta resolución, dando un prazo de 15 días para presentar alegacións á dita puntuación.

6. O 18.03.2025 esta dirección territorial dita resolución pola que se corrixe un erro material no Anexo I da resolución anterior.

7. Transcorrido o prazo de presentación das alegacións, non se presentou ningunha.

8. O 24.03.2025 a embarcación FREIRE (CFPO 100648) presenta solicitude de inclusión na lista.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de ourizo conxunto das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

5. As embarcacións que forman parte da lista e son aportadas como baixa para unha nova construción á que se lle traslada o permiso de explotación sen que haxa cambio da persoa armadora serán substituídas polas novas construcións conservando a súa puntuación.

6. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co



establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, así como publicar a puntuación provisional outorgada as embarcacións no Anexo I desta resolución incluíndo á embarcación FREIRE (CFPO 100648)
2. Excluir da lista aberta á embarcación JAVI (CFPO 56707) por non ter presentado solicitude de actualización de méritos para a nova persoa armadora despois do expediente de transmisión do permiso de explotación resolto o 09.10.2024.
3. Substituír na lista aberta á embarcación OUTEIRO (CFPO 24096) pola embarcación O BARCO (CFPO 100549) por ter sido aportada como baixa para esta nova construción, a que se lle trasladou o permiso de explotación sen cambiar a persoa armadora por medio do correspondente expediente, resolto o 21.11.2023.
5. Contra a puntuación provisional as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.





A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Lira consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial

María José Cancelo Baquero

Por ausencia (Resolución 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada



ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión de ourizo das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade pesqueira C.3	Total
Fisterra	MARIA JESUS	CO-4	1493	0,00	2,00	3,00	5,00
Fisterra	FERNANDO	CO-4	1088	0,00	1,80	3,00	4,80
Fisterra	SALSEIRO	CO-5	1997	0,00	1,00	3,00	4,00
Fisterra	TINA	CO-5	1867	0,00	0,80	3,00	3,80
Fisterra	O BARCO	CO-5	1-23	0,00	0,60	3,00	3,60

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade pesqueira C.3	Total
Corcubión	SEGUNDO BRISA	CO-5	1-11	0,00	0,00	0,00	0,00



Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade pesqueira C.3	Total
Lira	PEPITA CONSUELO	CO-4	6-17	0,00	0,80	3,00	3,80
Lira	FREIRE	CO-6	4-24	0,00	0,60	3,00	3,60
Lira	NUEVA GIRALDA	CO-4	5-04	0,00	0,00	0,00	0,00
Lira	BAJERIÑAS DE NYLON	CO-4	4-05	0,00	0,00	0,00	0,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Por ausencia (Resolución 13.05.2024)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
 - **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
 - **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
 - **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.
Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

